



Resolución do 28 de xullo de 2017 pola que se adxudican provisionalmente os destinos provisionais para o próximo curso académico 2017/18 ao persoal do corpo de mestres que non teña destino definitivo, ao que resulte desprazado por falta de horario, ao que se lle conceda unha comisión de servizos por concellería, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal opositor do ano 2017 e ao persoal interino ou substituto do corpo de mestres e ao que solicite o reingreso no servizo activo.

Pola Orde do 13 de xuño de 2017 (*Diario Oficial de Galicia* do 26 de xuño) ditáronse normas para a adxudicación de destino provisional para o próximo curso académico 2017/18 ao persoal do corpo de mestres que non teña destino definitivo, ao que resulte desprazado por falta de horario, ao que se lle conceda unha comisión de servizos por concellería, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal opositor do ano 2017 e ao persoal interino ou substituto do corpo de mestres e ao que solicite o reingreso no servizo activo.

Ao abeiro do que establece a base vixésima primeira da citada orde,

RESOLVO:

Primeiro.- Adxudicar provisionalmente os destinos provisionais para o próximo curso académico 2017/18 ao persoal do corpo de mestres que non teña destino definitivo, ao que resulte desprazado por falta de horario, ao que se lle conceda unha comisión de servizos por concellería, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal opositor do ano 2017 e ao persoal interino ou substituto do corpo de mestres e ao que solicite o reingreso no servizo activo, de acordo coas bases reguladoras do concurso establecidas pola orde do 13 de xuño de 2017.

Segundo.- Ordenar a publicación da resolución provisoria do concurso na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria www.edu.xunta.es.

Terceiro.- De conformidade co disposto na base vixésima segunda, o persoal concursante poderá presentar reclamacións e renuncias á resolución provisoria, no prazo de tres días naturais desde a súa publicación, ante a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos. Ademais de pola vía ordinaria, a reclamación deberá remitirse por fax ao número 881999241 ou por correo electrónico ao enderezo persoal.primaria@edu.xunta.es.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2017

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Por suplencia (resolución do 27/07/2017)

O secretario xeral técnico

Jesús Oitavén Barcala

